



CONSORCIO DE
SANTIAGO

Newsletter

Galego_ Xuño 2019

REHABILITACIÓN |

Licítase a obra de adecuación da ala sur de San Domingos de Bonaval para uso do Museo do Pobo Galego

O Consorcio de Santiago licitou a obra de adecuación da ala sur do conxunto de San Domingos de Bonaval para uso do Museo do Pobo Galego, por un investimento total de 2.974.129,31 €. O prazo de presentación de ofertas remata o 1 de xullo. A intervención vaise prolongar ata finais de 2020 e prevese que o novo espazo se inaugure o vindeiro Ano Santo 2021.



PUBLICACIÓNS |

Preséntase a biografía máis completa de Castelao

O Consorcio de Santiago e a Editorial Galaxia acaban de publicar *Castelao. Construtor da nación. Tomo I 1886-1930*, a primeira parte da biografía do intelectual galeguista escrita polo historiador Miguel Anxo Seixas e que terá continuidade noutros dous tomos. Recolle todo o material que estaba en mans privadas e era descoñecido ou ignorado e amósase a xeito de diario da súa vida cotiá, xunto á actualidade da época.

MÚSICA |

“En movemento”, nova temporada 2019/2020 da Real Filharmonía de Galicia

“En movemento” é o lema da nova temporada da RFG, integrada por 22 concertos de abono e marcada pola celebración do Ano Beethoven en 2020. Estrearase a ópera “A amnesia de Clío” do compositor galego Fernando Buide e realizarase unha xira internacional por Austria con 4 concertos dirixidos por Pablo González -titular da Orquesta Sinfónica de RTVE-. Habrá 3 propostas didácticas, 3 concertos gratuítos en barrios e 4 concertos familiares e solidarios. Noutras cidades galegas ofreceranse 18 concertos.

Entre os solistas convidados están figuras recoñecidas como os pianistas Javier Perianes, Claire Huangci, Dmytro Choni e Sofya Melikyan; o violoncellista Steven Isserlis; a violinista Ellinor D´Melon; ou o trompetista Pacho Flores, entre outros. Ofrecerase un programa de zarzuela e unha gala lírica con Paul Daniel e o tenor Pene Pati pechará a temporada. Ademais, haberá estreas mundiais, en apoio dos novos compositores e da creación contemporánea.

Concertos de verán da RFG

A RFG ten programados 5 concertos para este verán. O 3 de xullo, na clausura do Festival Internacional Peregrinos Musicais, xoves músicos actuarán como solistas coa orquestra. O 19 a igrexa de San Martiño Pinario acollerá un concerto dirixido por Maximino Zumalave. O 24 será o tradicional concerto do Día de Galicia no Hostal dos Reis Católicos e o 30 tocará na Praza da Quintana dentro das festas do Apóstol, xunto ao poliinstrumentista Abraham Cupeiro. O 8 de agosto celebrarase o concerto de “Música en Compostela”, dedicado á música española.

